



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

## SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 2 DE

### XULLO DE 2012

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás dez horas do día dous de xullo de dous mil doce, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 997 de data 17 de xuño de 2011: dona Maria Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocio Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, don Santiago Manuel Ríos Rama e don Manuel Marante Gómez.

Non asiste e presenta escusa dona Marta Maria Vázquez Golpe.

Intervén como secretaria, por delegación da secretaria xeral da Corporación, a técnica de xestión de Administración xeral dona Verónica Maria Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

#### **1º.-Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 25 de xuño de 2012.**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 25 de xuño de 2012 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete membros asistentes á sesión, aprobou o citado borrador.

#### **2º.- Correspondencia.**

- Escrito do letrado-asesor xurídico da excma. Deputación provincial da Coruña, rexistrado de entrada con data do día 29 de xuño de 2012, co número 9.166, ao que achega sentenza do 31 de maio de 2012, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sección 2ª (apelación) da Coruña, no recurso P.O. 446/2010 (JCA número 2 Coruña), no que se desestima o recurso de apelación promovido por Forestal de Pazos, S.L.

- Lei 2/2012, de 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012. (Boletín Oficial do Estado número 156, de data 30 de xuño de 2012).

- Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia. (Diario Oficial de Galicia número 122, de data do día 27 de xuño de 2012).

- Orde do 15 de xuño de 2012, da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se regulan as bases que rexerán as subvencións dirixidas a entidades de acción voluntaria e a concellos e mancomunidades de municipios enmarcadas no programa Servizo de Voluntariado Xuvenil e se procede á súa convocatoria para o ano 2012. (Diario Oficial de Galicia número 121, de data 26 de xuño de 2012).

### **3º.- Informe respecto das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área, e informes respecto doutros asuntos de área.**

Os presentes danse por enterados das resolucións ditadas dende a última Xunta de Goberno Local.

#### **Informes do concelleiro delegado da área de Deportes, Xuventude e Voluntariado**

Don Fernando Caride Suárez informa que o pasado sábado, día 30 de xuño, tivo lugar unha ruta polo río Mero, incluída dentro do circuito galego de andainas saudables 2012 do Plan Galicia-Galicia saudables, da Xunta de Galicia e manifesta que participaron 130 persoas.

A continuación, don Fernando Caride Suárez informa que onte, domingo 1 de xullo, tivo lugar o XXIV campionato de España absoluto de kung-fu Di-Som no polideportivo dos Campóns, en Sigrás e comenta que participaron sobre 500 competidores.

Así mesmo, informa que onte se instalou unha pantalla de televisión no auditorio do Parque de Igrexa, con motivo da final de fútbol da eurocopa 2.012 - España-Italia.

Tamén informa que o venres asistiu á reunión da Comisión de seguimento de transportes da área metropolitana da Coruña.

Para rematar, don Fernando Caride Suárez informa que se realizou a acampada de verán para meniños e meniñas de 7 e 8 anos, pertencente ao programa xuvenil O verán xa está aquí 2012, que tivo lugar en Guitiriz, Lugo, os días 29 e 30 de xuño de 2012.

#### **Informes da concelleira delegada da área de Urbanismo e Medio Ambiente**



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

Dona Rocio Vila Diaz informa que hoxe entra en vigor a ordenanza reguladora do exercicio de actividades e da apertura de establecementos.

A continuación, dona Rocio Vila Diaz informa que as obras de “cubrición da pista polideportivo do CEIP de Portofaro” e as obras correspondentes a “Rehabilitación e restauración do edificio destinado a equipamentos sociais: Casa da Cultura” se están a realizar a bo ritmo.

#### Informes do concelleiro delegado da área de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación

Don Felipe Andreu Barallobre informa que, mentres se prepara e resolve o concurso entre funcionarios de distintas administracións para cubrir definitivamente a praza de enxeñeiro técnico, se convocará un concurso por acumulación de tarefas.

A continuación, don Felipe Andreu Barallobre informa, que están iniciados xa os trámites para convocar o concurso para a provisión interina dun arquitecto, como consecuencia da licenza por maternidade da arquitecta interina.

#### Informes do concelleiro delegado da área de Cultura e Turismo

Don Santiago Manuel Rios Rama informa que mañá, martes día 3 de xullo comeza o curso de inglés “Gymglish”. O curso é de nivel moi básico para adultos e farase en dúas quendas, unha de maña e outra de tarde, e manifesta que se presentaron moitas solicitudes.

A seguir, don Santiago Manuel Rios Rama informa que o vindeiro venres día 6 de xullo, ás 20,00 horas terá lugar a inauguración da exposición da Escola Antonio Fernández na sala de exposicións da biblioteca central de Cambre.

Para rematar, don Santiago Manuel Rios Rama informa que o sábado día 7 de xullo terá lugar o XIV certame de polifonía e habaneiras, ás 20,00 horas no auditorio do Parque da Igrexa, en Cambre. Participarán a coral de Santa Maria de Cambre, o coro parroquial de Sigrás, a coral O Adro, de Bribes, a coral de Cecebre. Igualmente, engade actuará o grupo vocal Virxe da Barca, de Muxia.

#### Informes do concelleiro delegado da área de Obras e Servizos

Don Manuel Marante Gómez informa que se presentaron queixas respecto das filtracións de auga no cemiterio municipal. Engade que, cando comeze o persoal do INEM, se amañará.

A continuación, don Manuel Marante Gómez informa que se remataron as obras na rúa Pígara e Padre Feijoo. Engade que falta a sinalización horizontal no rúa Constitución, que no último tramo vai quedar de dirección única e o aparcamento dun dos lados, será en batería.

Informes da concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación

Dona Maria Jesús González Roel informa que hoxe ás 10.00 horas no salón de Servizos Sociais, na Barcala, ten lugar o sorteo para a realización do “obradoiro de reforzo educativo para menores”, dado que se presentaron máis solicitudes que prazas ofertadas.

A continuación, don Maria Jesús González Roel informa que están cubertas todas as prazas dos campamentos de verán, que se desenvolven dentro do programa O verán xa está aquí. Terán lugar de 1 ao 12 de xullo e o destino será no albergue de Alfeizerao, en Portugal e do 20 ao 26 de xullo en Lugo.

Para rematar, dona Maria Jesús González Roel informa que dende a Cruz Vermella enviaron 2.680 kilogramos de alimentos (tales como leite, pastas e galletas) e xa se repartiron algúns deles dende Protección Civil.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as once horas, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente



Manuel Rivas Caridad



A secretaria

Verónica María Otero López